

RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN DEFINITIVA

SERVICIO DE LIMPEZA XERAL E RECOLLIDA DE R.S.U. NO RECINTO FEIRAL DURANTE OS CERTAMES FEIRAIS E CONGRESUAIS PARA A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA
(REF.: 6006/2010-03)

Visto o expediente instruído para o procedemento de referencia, no que se propón a adjudicación provisional a empresa **EULEN, S.A.**, examinada a documentación presentada polo adjudicatario provisional, e transcorrido o prazo legal para proceder á súa elevación a definitiva de acordo co disposto no artigo 135.4 da LCSP LCSP e ó artigo 61 das instrucións de contratación da Fundación Semana Verde de Galicia e no uso das facultades que, en materia de contratación, me atribúe o Padroado da Fundación,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Adjudicar **DEFINITIVAMENTE** a contratación do concurso “**SERVICIO DE LIMPEZA XERAL E RECOLLIDA DE R.S.U. NO RECINTO FEIRAL DURANTE OS CERTAMES FEIRAIS E CONGRESUAIS PARA A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA (REF.: 6006/2010-03)**” á empresa **EULEN, S.A.** polos seguintes importes unitarios que figuran na oferta:

- Hora diúrna de operario de limpeza de pavillóns/gando: Doce euros con cincuenta céntimos (12,50.-€), máis dous euros (2,00.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de catorce euros con cincuenta céntimos (14,50.-€).
- Hora nocturna de operario de limpeza de pavillóns/gando: Catorce euros con noventa e seis céntimos (14,96.-€), máis dous euros con trinta e nove céntimos (2,39.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de dezasete euros con trinta e cinco céntimos (17,35.-€).
- M² de limpeza de moqueta: Dez céntimos (0,10.-€), máis dous céntimos (0,02.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de doce céntimos (0,12.-€).
- M² de limpeza xeral: Catorce céntimos (0,14.-€), máis dous céntimos (0,02.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de dezaseis céntimos (0,16.-€).
- Tonelada de retirada e xestión de RSU en Silleda: Oitenta e un euros con cincuenta e un céntimos (81,51.-€), máis trece euros con catro céntimos (13,04.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de noventa e catro euros con cincuenta e cinco céntimos (94,55.-€).

- Tonelada de retirada e xestión de RSU fora de Silleda: Cento quince euros (115,00.-€), máis dezaoto euros con corenta céntimos (18,40.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de cento trinta e tres euros con corenta céntimos (133,40.-€).

SEGUNDO.- Que a presente resolución definitiva, de acordo co regulado no artigo 137 da LCSP, se publique no perfil do contratante e se notifique ós participantes na licitación.

TERCEIRO.- Eximir ó adxudicatario da presentación da Garantía Definitiva de acordo co artigo nº 10 do prego de condicións do concurso.

Silleda, 30 de decembro de 2009

D^a Paloma Hidago López



Directora Xeral